

O DISCURSO

ESTRUCTURA DO DISCURSO (Páx. Internet: leer la palabra y el mundo)

O discurso é un xénero fronteirizo entre a oralidade e a escritura. Aínda que o vas pronunciar, antes terás que escribilo. Para iso é desexable que fagas un esquema para distinguir claramente as PARTES. Fíxate ben e a partir do esquema elabora o teu discurso.

1. COMEZO E SAÚDOS

- Protocolo. Saúda aos presentes en orde de maior a menor relevancia no contexto en que esteades.. Exemplo: Director do centro, Xefe de estudos,titora, compañeiros e compañeiras.
- Decide como te dirixes ao público: de **ti** o de **vostede**

2. CORPO DO DISCURSO

- Expón claramente cal é o **propósito** do teu discurso.
- Continúa cos **argumentos** que encontrases para apoiar a túa visión do tema que estás tratando.

Recorda estes aspectos:

- a. Divide o discurso en **parágrafos** para que ao pronuncialo se noten as partes, que subliñarás con pausas máis longas.
- b. Para iso usa **conectores**.
- c. Aporta datos, exemplos, citas, argumentos, causas e consecuencias.
- d. Tamén podes idear unha **frase-repetida**, é dicir, palabras que repites ao longo do discurso e que servirán para atraer a atención do público e unir os apartados.

Exemplo: Malala no seu discurso ante a ONU di moitas veces: “Estimados irmáns e irmás” Ou Emma Watson repite: “Se non eu...¿quen?”

3. CONCLUSIÓN E FINAL

- O final debe vir anunciado: nun momento dado o público ten que saber que estás acabando. Elixo **un conector ou unha frase** que marque o **final**.

Exemplos: Non quero terminar sen dicir que...; Por último...; Para finalizar...; Acabo xa coa esperanza de que...; Só me queda engadir que...; Espero que teña quedado claro que o propósito do meu discurso...; etc.

- Acaba con un **brevísimo resumo** do que contaches..
- Dá as **grazas**.

6. ENSAIO XERAL

¿Como o digo? Isto tamén require un proceso de preparación.

Elabora un guión, pero non leas o teu discurso. Para poder falar sen necesidade de ler, ensaia varias veces.

Mide o **tempo**: se che sae moi longo, terás que cortar algo, e ao revés. Canto máis o ensaies, mellor che sairá. Fai un **ensaio xeral** diante da túa familia ou dos teus amigos/as para que che digan en que podes mellorar e que fixeches moi ben.

7. POSTA EN ESCENA

E chegou o momento de pronuncialo.

- Sae con seguridade e, unha vez no atril ou mesa onde vaias pronuncialo respira fondo.
- Mira ao público. Reparte a mirada por toda a sala (é o chamado efecto faro, que varre ao auditorio de esquerda a dereita e de dereita a esquerda), para que todos/as sintan que lles falas a eles.
- Coida a postura, os xestos e o volume de voz para que chegue a todos/as.
- Se te perdes ou te esqueces de algo, mira o papel ata que podas seguir tranquilamente. ¡Naturalidade ante todo!

